

Estimad@s amigas e amigos:

Estamos a preparar a **XVIII edición dos Premios de Teatro María Casares**, que se entregarán o **27 de marzo de 2014** no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Poderán participar todos os espectáculos de teatro de actor en lingua galega estreados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2013.

As inscricións realizaranse a partir do **5 de decembro de 2013** a través da web da AAAG, cubrindo o formulario dispoñible na seguinte [ligazón](#). Na sección **descargas** tendes as bases que rexen a convocatoria e o formulario de inscrición en formato word.

Deberedes anexar ademais:

1. Programa do espectáculo.
2. Cartel.
3. Foto/s do espectáculo, en formato **jpg**. e coa maior resolución posíbel. Farase constar o nome das persoas que aparezan en cada foto, de esquerda a dereita.

O prazo para a inscrición e envío de materiais remata o vindeiro **3 de xaneiro de 2014 ás 15.00 h.**

Habilitamos un enderezo de correo electrónico para consultas e suxestións: premiosmariacasares@aaag.es. Tamén podedes contactar connosco a través do teléfono 981593829 da nosa oficina, en horario de 10.00 h a 15.00 h.

Por outro lado, podedes enviarnos o calendario de próximas presentacións dos espectáculos inscritos, a fin de seren publicitadas na nosa web.

Na seguridade de contarmos coa vosa colaboración, recibide un cordial abrazo.

Comisión dos Premios María Casares 2014

No Milladoiro, Ames, 05 de Decembro de 2013